

A LITERATURA

A literatura é arte que utiliza a palabra -escrita ou oral- como medio de expresión.

A literatura tamén serve para nomear o conxunto de obras literarias dunha lingua (p. ex. literatura galega) ou dunha época (p. ex. literatura medieval).

Cómpre diferenciar entre a literatura popular e a culta.

LITERATURA POPULAR	LITERATURA CULTA
Oral	Escrita
Anónima (do pobo)	Autoría coñecida
Sen unha forma definitiva e única (ao transmitirse oralmente, vaise modificando)	Permanece inalterada ao longo do tempo (porque está escrita)
Maior sinxeleza e brevidade (ten que ser fácil de lembrar)	Maior complexidade e extensión (está escrita)
Temas simples e cotiáns (traballo, familia, amor)	Temas máis variados
Lingua espontánea (oral)	Lingua coidada (escrita)

As primeiras manifestacións literarias das diferentes culturas son sempre populares. Das creacións populares acaban derivando as composicións cultas. Así, a literatura culta e a popular non se opoñen, senón que están ligadas e influéncianse entre si.